

VIGO



VIVIMOS EN SOCIEDADE



Cada día convivimos coas nosas familias, amigos/as, compañeiros/as da escola, mestres/as, veciños/as,... Relacionámonos con estas persoas dentro da nosa casa, da escola e no lugar onde vivimos. Debemos ter claros cales son os nosos dereitos e deberes dentro de todos os espazos nos que convivimos. Por exemplo, de noite, cando a familia durme, non podemos facer ruído, porque os estaríamos molestando.

Na aula non podemos correr, aínda que si no patio, na biblioteca da escola non podemos falar en voz alta pero si cando estamos no parque, cando queremos dar a nosa opinión levantamos a man e esperamos que nos chegue a nosa quenda, sen interromper aos compañeiros e escoitando o que teñen que dicir.

O mesmo sucede cando saímos da nosa casa ou da escola. **As persoas que viven no noso mesmo municipio son os nosos veciños e veciñas e con eles debemos vivir e convivir dun modo correcto, respectando as nosas obrigas e gozando dos nosos dereitos.**

As normas e sinais de tráfico son un exemplo claro de normas que usamos para convivir cos nosos veciños e veciñas. Se os/as condutores/as e peóns non as respectasen a vida na cidade sería un caos. Necesitamos que existan unhas normas que sexan claras e comúns a tódolos/as cidadáns/ás.

O MUNICIPIO

O MUNICIPIO ESTÁ FORMADO POR:

O territorio.

Chamamos municipio ao territorio onde o Concello exerce as súas competencias.

Cada municipio debe pertencer a unha soa provincia. O Municipio de Vigo ten unha parte urbana, a cidade, e unha parte rural, as parroquias como Zamáns, Valadares, Bembrive,...



A poboación.

As persoas que vivimos en todo o territorio municipal de Vigo somos os vigueses e viguesas. **Todos nós estamos rexistrados nun listado de cidadáns que se chama o padrón de habitantes.** Este vaise actualizando cada día cos nacementos e defuncións, e cos movementos de poboación causados pola emigración e inmigración. Por exemplo, cada persoa que ven doutro lugar a vivir a Vigo, o primeiro que debe facer e inscribirse no padrón. A partir dese momento convértese en cidadán/á de Vigo. Grazas a isto, o **Concello sabe cantos/as habitantes viven nun lugar e así pode darlles todos os servizos que precisen para a vida diaria: recollida de lixo, auga potable, transporte público,...** Ademais, estar inscrito no padrón de habitantes dános dereito a poder votar nas eleccións municipais unha vez sexamos maiores de idade.

A organización.

Para facilitar o traballo de **organización do territorio, nos eliximos a uns/unhas representantes que se encargan do goberno e administración do noso municipio.** Estes son os alcaldes ou alcaldesas e os concelleiros e concelleiras. Para que a cidade funcione correctamente cada día, estes/as contan cun gran equipo de cerca de 1300 profesionais que desenvolven diferentes traballos, no propio edificio do concello e fóra del, os funcionarios e funcionarias.

QUEN GOBERNA O CONCELLO?




O **Alcalde** é a máxima autoridade do Concello. Dirixe a administración municipal e representa ao Concello.

A **Xunta de Goberno Local** é o órgano que exerce as labores de goberno do municipio. Está formado polo alcalde e polos concelleiros e concelleiras que el designe libremente.

O **Pleno do Concello** é o órgano de máxima representación política da cidadanía no goberno municipal. Está formado polo alcalde e por todas as concelleiras e concelleiros. Vigo, tendo en conta o número de habitantes, ten 27 concelleiros e concelleiras, que son elixidos democráticamente nas eleccións municipais.

O Pleno reúnese unha vez ao mes en sesión ordinaria.

COMO ELEXIMOS ÁS PERSOAS QUE NOS GOBERNAN NO CONCELLO?



O goberno do municipio é algo que depende de toda a cidadanía, pero se todos/as quixeramos decidir sobre as cousas comúns que nos afectan e nos puxeramos a mandar e a impor as nosas normas, a convivencia sería imposible.

Para organizarmos mellor escollemos a persoas que nos representan e deixamos que estas tomen as decisións que máis favorezan aos veciños e veciñas.

Para elixir aos/as representantes, cada catro anos celébranse as eleccións municipais. As persoas que queren representarnos, candidatos e candidatas, preséntannos o seu programa durante a campaña electoral. No programa electoral explican que é o que pensan facer cada un para que poidamos vivir mellor. Tendo en conta isto nós votaremos á candidatura que máis nos conveña.

Os veciños e veciñas empadroados/as maiores de 18 anos podemos votar e elixir entre todos os candidatos/as aos nosos/as representantes, que serán os concelleiros e concelleiras. Logo estes reúnen e elixen ao alcalde ou alcaldesa entre os primeiros das candidaturas elixidas.

FUNCIÓNS DO CONCELLO



O Concello encárgase de gobernar o municipio, establecendo normas que favorecen a convivencia, velando para que estas se cumpran e dándonos os servizos que os veciños e veciñas precisamos para vivir. Para que sexa máis fácil a xestión, cada concelleiro e concelleira, xunto cun equipo de traballadores, ocúpase dunha tarefa diferente. Hai concelleiros/as encargados do transporte, da educación, do medio ambiente, de cultura, das festas, do deporte etc.

Para que as centros educativos da cidade funcionen correctamente o Concello encárgase de facer as obras de mantemento precisas nos edificios onde estudamos, como arranzar unha tubaxe que rompe ou unha luz que non funciona. Tamén se encarga de que o noso centro estea sempre limpo e de que teñamos un/unha conserxe que vixie a escola. Nós debemos contribuír co Concello mantendo esta limpeza e non causando avarías.

O EDIFICIO DO CONCELLO DE VIGO



Desde que os habitantes das cidades comezaron a organizar as cuestións públicas, escolleron diferentes formas para facelo. **Cando os veciños e veciñas eran poucos/as reuníanse en asembleas veciñais chamadas "concejo abierto" onde a decisión se tomaban votando entre todos/as.** En Vigo reuníanse na praza da Pedra. Máis tarde, en 1862, construíuse en Vigo o primeiro edificio do Concello situado entre as prazas da Constitución e da Princesa, contando con fachadas ás dúas prazas.

Cando a poboación da cidade foi medrando, este edificio quedouse pequeno e construíuse a **actual casa do Concello** sobre as antigas murallas e o antigo castelo de San Sebastián. Este **inaugurouse en 1976.** Conta cunha altura de 13 plantas, aínda que so hai funcionarios traballando ata a undécima. O resto do espazo ocúpao o arquivo.

Nada máis entrar atopamos a chamada **Lonxa do Concello.**

É unha gran praza de acceso libre, que en inicio non estaba cuberta, na que **a cidadanía poden facer a maioría das xestións directas co Concello.** Ten unha planta cadrada arredor da cal aparecen diferentes ventás con carteis que indican que xestión se fai en cada unha delas. Atopamos ventás de información, de pago de impostos ou multas, para a entrega e rexistro de documentos, para a inscrición no padrón de habitantes,...

Para acceder ao resto do edificio, as cidadás e os cidadáns deben acreditarse na mesa de control. En cada un dos andares os traballadores/as municipais están organizados segundo a función que desempeñen. Entre todos os espazos que hai no edificio destacamos a Sala de Xuntas do Goberno Local e o Salón de Plenos, por ser os espazos máis importantes xa que alí se toman as decisións que nos afectan a todos e todas. Este último atópase na primeira planta e ten unha distribución semicircular que permite a comunicación fluída entre os/as nosos/as representantes.



XOGAMOS?


L O N X A M V P L E N O
P V B U R U D A A D Y A
Z S U G M N P R N L F I
A O C O W I A I B A G V
N T D B Ñ C D E M C N E
O I E E S I R L C L W C
T E B R G P O L X A U I
S R E N H I N E X G F Ñ
O E R O C O N C E L L O
P D E W A X W N P Q Ñ S
M L S N L I H O Q J A J
I Ñ S N O I C C E L E P

Atopa as seguintes palabras relacionadas co Concello na sapa de letras:

ALCALDE CONCELLEIRA CONCELLO DEBERES DEREITOS ELECCIÓNS GOBERNO IMPOSTO LONXA MUNICIPIO PADRÓN PLENO VECIÑOS

Horizontal
5. Lugar onde se reúnen todos os concelleiros xunto co alcalde para tomar decisións sobre todo aquilo que afecta aos veciños e veciñas.
6. Lista de habitantes que conviven no mesmo Municipio.
8. Proceso no que se votan aos candidatos a concelleiros.
9. Espazo do Concello de Vigo que ten ventás onde os cidadáns fan diferentes trámites administrativos.

Vertical
1. Persoa elixida polos votantes para representarnos.
2. Muller que dirixe a administración municipal e representa a un Concello.
3. Persoa que traballa no Concello para que a cidade funcione correctamente.
4. Territorio onde o Concello exerce as súas competencias.
7. Persoas que conviven no noso mesmo municipio.



CONCELLO DE VIGO



visita o teu concello!!!

